



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ribeira  
Polígono de Torneiros, Fase III, s/n  
36410 – O Porriño  
☎ 88110414  
✉ ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es



galicia

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA  
CURSO: 5º DE PRIMARIA  
TITOR: ANDRÉS OTERO GÓMEZ  
DATA: MAIO 2020

## ÍNDICE

- 1. Introducción**
  
- 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
  - 2.1. Lingua Castelá.**
  - 2.2. Lingua Galega.**
  - 2.3. Matemáticas.**
  - 2.4. Ciencias Naturais.**
  - 2.5. Ciencias Sociais.**
  - 2.6. Educación Artística (Plástica).**
  - 2.7. Valores Sociais e Cívicos.**
  
- 3. Avaliación e cualificación.**
  
- 4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) e materiais e recursos.**
  
- 5. Metodoloxía**
  
- 6. Información e publicidade.**

## 1. INTRODUCCIÓN:

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática),
- Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional),
- Instrucións de 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de la Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos...).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.

## 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 13	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA CURSO: 5º
--	-------------------	--

## 2.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Castelá.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.	Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas.	CCL,CAA, CSC.
	Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.	CCL, CAA.
	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.	CCL, CAA, CSC.
Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado.	CCL.
	Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación.	CCL, CAA, CD, CSC, CSIEE.
	Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.	CCL, CAA,CSC, CSIEE.
Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade.	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión.	CCL, CAA, CSC, CSIEE.
	Participa en debates explicando as súas opinións e ideas, emitindo xuízos persoais fundamentados sobre os temas e coa profundidade propia da súa idade.	CCL, CAA, CSC, CSIEE.
Ler por propia iniciativa e con diferentes finalidades textos de tipoloxía diversa.	Programa de xeito autónomo un tempo semanal para ler diferentes textos.	CCL, CAA, CSIEE.
	Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade persoal.	CCL, CAA, CSIEE.
Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	CCL, CD, CAA.
Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do área.	Elabora con creatividade textos do seu interese.	CCL, CD, CAA, CSIEE.
Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas	CCL, CD, CAA.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua.	CCL.
	Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais.	CCL.
	Diferenza familias de palabras.	CCL.
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.	CCL.
	Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.	CCL.
Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance.	CCL, CD, CAA.
Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal.	Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios.	CCL, CCEC.
Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade.	Crea sinxelos textos literarios a partir de pautas ou modelos dados.	CCL, CAA, CSIEE, CCEC.

## 2.2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Galega.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.	Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema.	CCL, CAA.
	Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.	CCL, CSC.
Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.	CCL, CSC.
	. Respecta as opinións dos e das demais.	CCL, CSC.
Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL, CAA, CSIEE.
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	CCL, CD, CSC.
	Identifica as ideas principais e secundarias dun texto.	CCL.
	Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	CCL, CAA, CSIEE.
Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.	Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.	CCL, CD, CAA.
	Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.	CCL, CD.
	Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	CCL, CAA, CD, CSIEE.
Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.	CCL.
	Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL, CSC, CAA, CSIEE.
Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos.	CCL, CAA, CD.
	Crea diferentes tipos de textos seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.	CCL, CAA.
	Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.	CCL, CSC, CCEC.
Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.	Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal.	CCL, CSC, CCEC, CAA, CSIEE.
	Escribe textos sinxelos de carácter creativo.	CCL, CAA, CSIEE.
Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.	CCL, CD, CAA, CSIEE.
	Emprega procesadores de textos con certa autonomía.	CCL, CD, CAA, CSIEE.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.	CCL, CAA.
	Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado.	CCL, CAA.
Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais.	Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas.	CCL, CSC, CCEC.
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario.	Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra.	CCL, CAA, CD.
Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le obras e textos en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.	CCL, CCEC, CD.
Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	CCL, CSC, CCEC.

### 2.3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Matemáticas.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	CMCT, CAA.
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.	CMCT, CSIEE, CAA.
	Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.	CMCT, CAA, CCL.
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT, CAA, CCL.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT, CAA, CCL.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.	CMCT, CAA.
Operar con diferentes medidas.	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	CMCT.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento, creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	CMCT, CAA, CSIEE.
Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.	CMCT.
Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	CMCT, CCL.

## 2.4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área Ciencias Naturais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.	CCL, CSIEE, CAA, CD, CMCT.
	Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.	CAA, CMCT, CD.
	Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.	CAA, CMCT, CD.
Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA, CSC, CMCT, CSIEE.
	Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	CMCT, CSC, CD.
	Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.	CD, CMCT, CAA.
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.	CMCT.
	Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	CMCT.
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.	CMCT, CSC.
	Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	CMCT, CSC.
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	CMCT, CCL.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.	CMCT.
Investigar as características de ecosistemas do seu contorno empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Investiga ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.	CMCT, CCL.
	Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.	CMCT, CSC.
	Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.	CMCT, CCL, CD.

## 2.5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Ciencias Sociais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA, CD, CMCT, CCL.
	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE, CAA.
	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CAA, CCL.
Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC, CAA.
	Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	CSC, CAA.
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	CCL, CAA, CMCT, CSC.
Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.	Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	CMCT, CCL.
Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	CMCT, CCL.
	Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado.	CMCT, CCL, CAA.
	Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	CMCT, CCL, CAA.
Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos e consecuencias.	Define a translación da Lúa.	CMCT, CCL.
	Describe correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
Identificar os elementos que influen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	CMCT, CCL.
	Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta.	CMCT, CCL.
Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	Sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España	CMCT, CAA, CCL.
	Explica que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España.
Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica.	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	CMCT.
	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	CMCT.
Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.	Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	CSC, CCL.
	Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	CSC, CAA.
Valorar a diversidade cultural, social e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC, CCL.
Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	CSC, CCEC.



## 2.6. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Educación Artística (Plástica).

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos.	Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaaas.	CCEC, CSIEE.
	Debuxa aspectos da vida cotiá.	CCEC, CSIEE.
Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores.	Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.	CCEC, CCL.
	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.	CCEC.
Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades	CCEC, CSIEE, CCL.
Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.	CCEC.
	Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.	CCEC.
Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.	CCEC, CSC.
	Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.	CSC.
	Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	CSC.
Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.	CCEC, CSC.
	Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.	CCEC, CSC.
	Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.	CCEC, CSC.
Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información e investigación.	Emprega e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información e investigación.	CD, CCEC.
Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.)	CCEC, CMCT.

## 2.7. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Valores Sociais e Cívicos.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	CSC, CSIEE.
	Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas, expresando propostas de mellora.	CSC, CAA, CSIEE.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas.	CSIEE, CSC.
	Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas.	CSC, CCL.
Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.	CCL, CSC.
	. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates.	CCL, CSC, CAA, CSIEE.
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.	CSC.
Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	Forma parte activa das dinámicas do grupo.	CSC, CSIEE.
	Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSC, CSIEE.
	Consegue a aceptación dos compañeiros e compañeiras.	CSC, CSIEE.

### 3. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación directa do traballo diario.</li> <li>- Observación sistemática.</li> <li>- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</li> <li>- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</li> <li>- Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial.</li> </ul>	
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rúbricas.</li> <li>- Libretas e traballos (escritos e online) do alumnado.</li> <li>- Caderno de anotacións do profesorado.</li> <li>- Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas propostas polo profesorado.</li> </ul>	
<b>Cualificación final</b>	<div style="background-color: #cccccc; padding: 5px; display: inline-block;">PORCENTAXE NA NOTA FINAL</div>	
	1.ª avaliación	40%
	2.ª avaliación	50%
	3.ª avaliación	10%*
	<b>Cualificación total</b>	
	<p>*Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social dadas as características particulares do noso centro.</p>	

#### 4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

##### Actividades

Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:

Actividades de repaso:

- Lingua Castelá: diferentes fichas, actividades e exercicios interactivos sobre contidos xa traballados na aula, especialmente gramática, ortografía...Así como outras para mellorar a comprensión lectora do alumnado e a súa expresión escrita.
- Lingua Galega: diferentes fichas, actividades e exercicios interactivos sobre contidos xa traballados na aula, especialmente gramática, ortografía...Así como outras para mellorar a comprensión lectora do alumnado e a súa expresión escrita.
- Matemáticas: diferentes fichas, actividades e exercicios interactivos relacionados especialmente coas operacións aritméticas básicas (suma, resta, multiplicación e división), así como con outros aspectos traballados na aula (números decimais, fraccións...). Afondando na resolución de problemas.
- Ciencias Naturais: diferentes fichas e actividades relacionadas cos contidos tratados na aula ata o momento. Como por exemplo os seres vivos, as plantas, os animais vertebrados...
- Ciencias Sociais: diferentes fichas e actividades relacionadas cos contidos tratados na aula ata o momento. Como por exemplo o Universo e a Terra, os climas, a paisaxe de Galicia...
- Educación Artística (Plástica): diferentes retos para desenvolver a capacidade artística e creativa do alumnado. Así como algunhas tarefas relacionadas con conmemoracións como un marcapáxinas polo día do libro.
- Valores sociais e cívicos: investigación sobre diversos e diversas personaxes da nosa historia que tiveron un importante aporte moral na sociedade, como por exemplo Martin Luther King.

Actividades de reforzo: as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos.

Actividades de ampliación: nas actividades citadas anteriormente inclúense tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados. Como por exemplo traballos e investigacións que requiren busca, selección e tratamento da información.

Actividades de recuperación: os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que, no caso da correcta

	realización das actividades, o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Puxemos a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende casa o traballo iniciado nas aulas. Para iso, as TIC, son un elemento fundamental nestes momentos, tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias, como para que poidan continuar traballando na casa.</p> <p>Os recursos que estamos empregando son dixitais, mediante a plataforma Edixgal, con ordenadores que proporcionamos a algunhas familias, así como con Abalar Móbil, co contacto telefónico e por correo electrónico diario con toda a Comunidade Educativa, especialmente, co alumnado e cos familiares.</p> <p>En termos xerais, os materiais que o alumnado precisa para realizar as tarefas son: un equipo informático con conexión a internet e material escolar de escritorio (caderno, folios, lapis ou bolígrafo, ceras ou lapis de cores, tesoiras e pegamento).</p> <p>Os recursos didácticos con contidos e información están á disposición do alumnado na plataforma Edixgal. Na cal se creou un FORO para subir as diferentes actividades, comunicarnos co alumnado e tamén para responder as diferentes dúbidas que puideran xurdir.</p>

## 5. Metodoloxía

Actualmente, estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

A metodoloxía será flexible, activa, motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa, procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe, e potenciándose o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento, e como medio e recurso de traballo.

Nesta situación é moi importante o traballo do profesorado en equipo e coordinado, para solventar todas as carencias que poida ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan a súa disposición..

Para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 15 de abril coa axuda de Protección Civil do concello do Porriño e aproveitando a súa presenza entregáronse 6 ordenadores E-dixgal que quedarán no centro. Tamén se entregaron libros de texto.

O concello do Porriño prestou(durante tres meses) 30 routers a familias que non tiñan conectividade a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza novamente de Protección Civil.

## 6. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, Edixgal, Webex (entre o profesorado), correo electrónico e chamadas telefónicas. O Equipo Directivo réunese semanalmente, así como todo o Claustro e os diferentes departamentos (D.O; E.D.L.G; CCP...). Falamos a diario coas familias e cos/as alumnos/as, e ademais, o Equipo Directivo está atento e dispoñible desde o centro a todas as demandas que xorden.</p> <p>As redes sociais do centro (Facebook e Instagram) empréganse para manter un contacto emocional e motivacional máis distendido co alumnado e as familias.</p>
<b>Publicidade</b>	A través da páxina web do centro.